

PRIMEIROS AUXILIOS, PÓDELLE TOCAR A CALQUERA

PROPOSTA PARA O PROFESORADO

A1. Pódelle tocar a calquera.


- ✍ Lectura do texto da Ficha con explicación das palabras ou conceptos que non se entendan. Conclusións.
- ✍ Preguntar por accidentes dos que foron testemuñas, na rúa, no centro ou na casa e confeccionar unha lista na pizarra en tres columnas.
- ✍ Segundo o contido da ficha deducir cómo habería que ter actuado en cada caso.
- ✍ Comparación co que en realidade se fixo.

A2. Os perigos do patio.

- ✍ Debuxar nun folio un plano aproximado do patio do centro, coa situación de porterías, bancos, árbores, portas, escaleiras, papeleiras... Pódese levar feito para aforrar tempo.
- ✍ Por parellas, con rotulador roxo situaranse os puntos que se consideren inseguros pola súa propia experiencia. Explicarase en voz alta os motivos e recolleranse todos os puntos perigosos nun plano que se fará chegar a dirección.
- ✍ Por parellas escribirase unha lista de actividades que poñan en perigo a outras persoas e que se realicen habitualmente no patio ecómo habería que evitalas. (Empurróns, tirar restos de comida no chan...)

A3. Os perigos na casa.

- ✍ Repartir unha copia do debuxo a cada parella.
- ✍ Dividir a pizarra en columnas coas diferentes estancias da vivenda e escribir as propostas dos diferentes perigos que poida haber en cada unha.
- ✍ Cómo habería que evitar estes riscos. Conclusións.



A4. ¿Por que hai que...?

- ✍ Escribir na pizarra as frases *en cursiva* da ficha. Cada parella debe razoar o porqué de cada norma e aportalo na posta en común. (Mellor na clase de Ciencias Naturais) Conclusións coa axuda das explicacións do profe.

A5. Reanimación.

- ✍ En Educación Física faranse exercicios prácticos de simulación de cada un dos tipos de actuacións dos casos que aparecen na ficha. Igualmente simularanse outros casos como actuación ante un desmaio, atragantamento, reanimación cardiorespiratoria... segundo o nivel do alumnado.